

Un espectáculo de Teatro do Noroeste
escrito e dirixido por Eduardo Alonso

Ana Santos



Elina Luaces



Luma Gómez



Manuela Varela



As Virxes Salvaxes



Rosa Álvarez



Fernando González



Miguel Pernas



Imma Antón

“Unha aloucada comedia xeriátrica ”



Subvencionado por



XUNTA
DE GALICIA

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais

Compañía asociada a



Escena Galega

As Virxes Salvaxes



As virxes salvaxes é unha comedia sobre a absurda pero necesaria situación de recluír aos nosos maiores en institucións que os atendan e coiden.

Non sempre foi así. Nas culturas rurais, os maiores tiveron sempre unha función, unha ocupación que daba sentido as súas vidas até o final. Máis chegaron as présas e os apuros da cultura urbana e nela os maiores non teñen cabida, son un estorbo, e preciso desfacerse deles amoreándoo en institucións concibidas para iso.

Nunha destas institucións varias internas realizan, mesmo sen sabelo nin pretendelo, a súa propia revolución.

Aproveitando a entrada dunha nova interna que é levada alí pola súa filla que non pode atendela, varias internas comezan a cuestionar a institución non deixando nada en pé. A modo de metáfora da propia sociedade, as xentes de ben revélanse contra as imposicións absurdas e desmedidas. O caos que xeran pon a realidade contra as súas propias contradicións, creando situacións tremendamente divertidas. A comedia como factor de crítica ante unha realidade que cada vez se amosa máis pechada en si mesma.

De algún xeito, este espectáculo é unha homenaxe, se cadra un algo irreverente, aos nosos maiores máis revoltosos.

"A comedia máis disparatada da temporada teatral!"



LOURDES. Luma Gómez

Que non teña moi claro que é non lle impide moverse con soltura polo seu reducido mundo residencial. Xa non cumpre os sesenta e oito, máis ela síntese nova e disposta a vivir o que veña. Como ten esquecido o anterior, soamente percebe o futuro e cavila gozalo intensamente.



CARMIÑA. Rosa Álvarez

A cadeira de rodas na que está recluída non lle é impedimento para nada. O que lle amola son os moitos anos que ten e os quilos que colleu, polo demais, todo vai ben. Iso si, ten unha estraña obsesión con algo do firmamento, máis, sendo como son as cousas, quen non che está obsesionado con algo.



MARUXA. Elina Luances

Aos seus setenta e tantos anos aínda conserva o fero comportamento das mulleres sindicalistas da Bazán do seu Ferrol natal. Ten, iso si, esquecidos aqueles anos, máis, ás veces, agrómanlle por entre os ollos sen que ela se decate. Sinte a imperiosa necesidade de empurrar de todo cara adiante e a elo aplícase sen máis análise nin demora.



SATURIO. Miguel Pernas

El xa nin se lembra pero hai moitos anos fora Director Xeral do Banco Central. Agora é un vello verde e chaíñas pero iso si, cheo de vida e enerxía, sobre todo para as súas cousas: asustar a vellas incautas. Ten un certo encanto eslamiado que seguramente provén da maldade que aínda atesoura na súa alma.



DOUTORA Imma António

Muller de mediana idade, podería parecer a máis normal e estable de todas as personaxes máis, como adoita acontecer con frecuencia, as aparencias enganán. Concretando, seguramente é a menos normal e a máis desequilibrada de todas elas, pero ten a autoridade competente, e iso da moita postura.



ADELA Ana Santos

É a novata, ou dito doutro xeito, é a máis nova das vellas. Ten, como algunhas mulleres maiores, unha excesiva dependencia da súa familia, concretamente da súa filla, máis, aínda que pareza raro, as familias cambian, non é moi habitual, pero ás veces cambian e son outras. E iso é o que a ela lle acontece.



FILLA Manuela Varela

Vive no mundo, pero o mundo é demasiado para ela. É incapaz de entendela. É incapaz de abarcalo. É incapaz de dominalo. É incapaz. Como moitas mulleres da súa idade, trinta e tantos, cerca dos corenta, está empezando a decatarse de que a vida é unha cadea. Así de simple, unha auténtica trampa para incautos.



BERNARDO Fernández González

Rapaz espelido que fai as funcións de enfermeiro pero el ten unha vocación interior: compoñer poesías. Así que elabora unhas poesías absurdas e incomprendibles que, curiosamente, fan as delicias dos vellos do lugar que as escoitan con devoción case relixiosa e as aplauden con desbordado entusiasmo. Unha desas inexplicables relacións que, ás veces, no mundo se dan.

Escrito e dirixido por Eduardo Alonso

Autor, adaptador e, sobre todo, director teatral. Con máis de 45 espectáculos as súas costas e múltiples premios, escribe e dirixe esta peza coa boa man que ten para a comedia e os seus ritmos

Producido por Teatro do Noroeste

Teatro do Noroeste cumpriu hai un par de anos as súas trinta primaveras e con esta comedia xa son 40 os espectáculos profesionais feitos por esta compañía

Distribución

correo@teatrodonoroeste.com

629814297

Un espectáculo de

TEATRO DO
NOROESTE



www.teatrodonoroeste.com

